

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NO SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE E CONCELEIRO DE ÁREA DE GOBERNO DE FOMENTO E SERVIZOS

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 8 de marzo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

"24.-DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NO SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE E CONCELEIRO DE ÁREA DE GOBERNO DE FOMENTO E SERVIZOS. Expte. 1483/1102.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta da proposta de data 07/03/2024, asinada pola secretaria de Goberno local, a concelleira-delegada da Área de Goberno e polo alcalde, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Por Resolución da Alcaldía de data 19 e 29 de xuño de 2019 determinouse a estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias para o período 2023-2027. Conforme dita Resolución atribuíuse ao Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos as competencias municipais en materia de fomento; entre outras obras públicas; planificación e execución de infraestruturas urbanas; obras e servizos de mantemento necesarios no Estadio Municipal de Balaídos, agás os xestionados pola concellería de deportes.

En data 22 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno delegou nos concelleiros/as de Área de Goberno determinadas s atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área e concretamente delegouse na Concellería de Área de Goberno de Fomento e Servizos en materia de fomento a facultade de outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinaria que se celebren no Estadio Municipal de Balaídos.

En data 4 de outubro a FIFA anunciou a decisión de que a candidatura única para a Copa Mundial da FIFA 2030 sería a candidatura conxunta de España, Portugal e Marruecos sendo de



Luns, 1 de abril de 2024

Núm. 63

interese do Concello de Vigo a participación no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede no proxecto de candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.

O interese xeral do proxecto para a cidade e o carácter transversal do mesmo aconsellan a realización dunha delegación especial conforme o artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Por Resolución da Alcaldía de data 7.02.2024 e posterior de data 7.03.2024 e conforme o artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais delegouse no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira a representación do Concello de Vigo e todas as atribucións precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento da totalidade das actuacións municipais necesarias no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030 inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Ante a brevidade dos prazos conferida pola Real Federación Española de Fútbol para presentación, se procede, da documentación que formalice a candidatura cómpre imprimir axilidade na tramitación e, no seu caso, na resolución do expediente administrativo, para o cal resulta aconsellable que a Xunta de Goberno Local delegue no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira as competencias municipais en materia da xestión económica, autorización e disposición de gasto e exercicio das accións xudiciais e administrativas que no seu caso requiran as actuacións obxecto da delegación especial.

Polo exposto, de conformidade coas competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBR formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos a competencia municipal relativa a

Aprobación dos actos que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030 que impliquen desenvolvemento da xestión económica, autorización e disposición de gastos.

O exercicio das accións xudiciais e administrativas que deriven dos actos que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.

SEGUNDO .- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación



Luns, 1 de abril de 2024

Núm. 63

no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

CUARTO.- As facultades que poderán exercer os concelleiros de Área de Goberno en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

QUINTO.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

SEXTO.- A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

SÉTIMO.- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

OITAVO.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

NOVENO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

DÉCIMO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.”

SGF

Vigo, na data de sinatura dixital

O ALCALDE-PRESIDENTE, ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

